



Ref.-AEG/axps
307/17

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, NO ÁMBITO DA INVESTIGACIÓN EN TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade, DECLARA:

Que dentro da estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, e adscrita á Secretaría Xeral Técnica, o artigo 8 do Decreto 41/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, configura a Subdirección Xeral de Sistemas e Tecnoloxías da Información, como unidade responsable de planificar, executar e/ou coordinar calquera iniciativa que se leve a cabo no ámbito dos sistemas e tecnoloxías da información na Consellería de Sanidade, no Servizo Galego de Saúde e entidades adscritas. Tamén lle corresponde asegurar a dispoñibilidade e integridade da información no sistema sanitario e da implantación de sistemas de xestión de seguridade, incluíndo o marco legal, e da calidade tanto da información como da plataforma e os servizos que a sustentan, realizando as auditorías que correspondan; e coordinar as iniciativas de I+D+i no ámbito das TIC sanitarias e realizar a supervisión da plataforma tecnolóxica que dea soporte a estas actividades dentro do Sistema público de Saúde de Galicia, en coordinación coas unidades competentes na materia.

A Consellería de Sanidade ten previsto formalizar, o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos desde a data da súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco que rexerá as relacións entre as partes na xestión de proxectos en materia de validación de diferentes tecnoloxías relacionadas coa e-saúde resultado da investigación realizada pola USC, así como a súa valorización e transferencia mediante a súa implantación no Servizo Galego de Saúde.

A valorización e transferencia de cada unha das tecnoloxías realizarase mediante convenios específicos encamiñados á posta en funcionamento e aplicación de tecnoloxías concretas no ámbito da e-saúde.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O artigo 34 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, prevé que os axentes e organismos públicos de investigación, poidan subscribir convenios de colaboración entre si ou con axentes (nacionais, supranacionais ou estranxeiros) que realicen actividades de investigación científica e técnica, para a realización conxunta de proxectos e actuacións de investigación científica, desenvolvemento e innovación; creación ou financiamento de centros, institutos e unidades de investigación; financiamento de proxectos científico-técnicos singulares; formación de persoal científico e técnico; divulgación científica e tecnolóxica; ou uso compartido de inmoables, de instalacións e de medios materiais para o desenvolvemento de actividades de investigación científica, desenvolvemento e innovación. Por outra banda, a citada lei, no seu artigo 35, establece que as Administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, fomentarán a valorización, a protección e a transferencia do coñecemento co obxecto de que os resultados da investigación sexan transferidos á sociedade.

As partes intervinientes consideran esencial o establecemento dunha colaboración científica que permita levar a cabo actividades conxuntas de I+D para a validación das tecnoloxías da Información pola USC, a través do CiTIUS e a súa implantación nos sistemas do Servizo Galego de Saúde. Esta circunstancia xustifica o carácter excepcional e de interese público das accións a desenvolver, como servizo esencial para a comunidade, para promocionar a realización de proxectos de investigación sanitaria no Sistema Público de Saúde.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto



Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 10 de outubro de 2017.

O secretario xeral técnico

Alberto Fuentes Losada